

1

Ermida da Virxe de Cortegada (s. XIV)

Sobre o pasado histórico da illa

Historia

Medio Mariño

Botánica

Localización: Illa de Cortegada

Coordenadas: 42.61496, -8.78606

O primeiro lugar que atopamos en Cortegada é unha pequena praia, ao lado do peirao, na que se ubican as ruínas dunha ermida de pedra do S. XIV. Ten un escudo, na súa fachada principal, de Fernando de Andrade e Sotomayor, por aquel entón, arzobispo de Santiago de Compostela.



Descrición

Contexto e historia

A illa de Cortegada ofrece un espectáculo para os sentidos. No corazón mesmo da illa garda un segredo centenário: un bosque que recende a marisco e laurel. Pero Cortegada tamén ofrece pegadas históricas, comezando polo mundo



? Sabías que?

A primeira referencia á illa de Cortegada atopámola no século I d.C, cando Plinio o Vello a bautiza co nome de Corticata. Unha ánfora, tamén do s. I, encontrada por un mariñeiro en 1957 nas augas que rodean a illa, da testemuña do paso romano por este lugar, aínda que non existen evidencias de ningún asentamento. Ademais de romanos, é ben sabido que gregos e árabes encontraron na ría de Arousa unha importante ruta marítimo-fluvial cara ao interior de Galicia.



clásico. Esta illa, sita na ría de Arousa, xunto co río Ulla, constituía xa unha importante entrada marítimo-fluvial cara ao interior de Galicia para gregos, romanos e árabes.

Durante a Idade Media, a ría de Arousa foi utilizada por normandos e musulmáns nas súas invasións a Santiago de Compostela. En Cortegada erixiuse unha das numerosas torres de defensa que a igrexa dispuxo ao longo da ría, da que lamentablemente xa non quedan rastros actualmente.

No s. XIV erixiuse a Ermida da Virxe dos Milagros, que foi lugar de peregrinación de persoas doentes. No s. XVII reconstruíuse a ermida no emprazamento no que hoxe podemos atopala, ao lado do peirao, na entrada á praia.

A principios do s. XX, a illa pasa a mans da coroa. Tras isto, Cortegada cambia de mans numerosas veces, ata que finalmente, no 2002 é declarada Parque Nacional e posteriormente



Fotografía histórica

comprada pola Xunta de Galicia, para que todos poidamos desfrutar do seu gran valor natural.

Tradición Xacobeá

Punta Corveiro é o extremo norte da illa de Cortegada

O cruceiro de Punta Corveiro, situado xunto a ermida, é unha das 14 estacións que conforman o viacrucis marítimo que conmemora a ruta do mar Xacobeá. Cortegada ten unha gran importancia na tradición marítima

xacobeá, posto que forma parte da Ruta Marítima da Translatio, relatada no libro III do Códice Calixtino. Esta tradición rememora cómo uns discípulos de Santiago trasladaron en barco os restos do Apóstolo ata Galicia, onde sería finalmente desembarcado no porto fluvial de Padrón, continuando o camiño a pé, ata a cidade de Santiago de Compostela.

A illa da Corticata, aínda hoxe, forma parte da ruta marítima do Camiño de Santiago, que é percorrido por un número crecente de navegantes cada ano.



Escornaboís



Máis sobre · Devoradores de madeira

Os xilófagos son un tipo de coleópteros (escaravellos) devoradores de madeira, que xogan un papel moi importante nos ecosistemas forestais do PN. Destaca o espectacular escornaboís ou vacaloura (*Lucanus cervus*), que pode acadar ata 9 cm de longo.

A maioría están catalogados como protexidos en toda Europa. Dada a súa predilección polas especies autóctonas e a súa necesidade de madeira morta para alimentarse, o escornaboís só se atopou na illa de Cortegada, por ser ésta a que mellor conservación das árbores autóctonas mantivo.

